

**A NEGOCIACIÓN
COLECTIVA**

8

Carmen Cabanas Carlín

Funcionaria do Consello Galego de Relacións Laborais

Índice

Capítulo 8. A NEGOCIACIÓN COLECTIVA	3
Parte I. A negociación colectiva en Galicia.....	3
8.1. Introducción e metodoloxía.....	3
8.2. Estrutura da negociación colectiva	5
8.3. Ámbitos de aplicación	13
8.4. Desenvolvemento da negociación	23
8.5. Réxime económico	27
8.6. Xornada pactada	45
Parte II. Convenios colectivos estatais con aplicación en Galicia	49
Anexo I. ANALISE DAS INAPLICACIÓNS DE CONVENIOS REXISTRADAS EN 2021 EN GALICIA	58
Anexo II. ESTADO DA ULTRAActividade DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA SECTORIAL EN GALICIA	67

Capítulo 8. A NEGOCIACIÓN COLECTIVA

Parte I. A negociación colectiva en Galicia

8.1. Introducción e metodoloxía

A primeira parte deste capítulo recolle unha análise dos convenios colectivos asinados e revisados durante o ano 2021 en Galicia, centrándose na súa distribución segundo os ámbitos territorial, funcional, temporal e persoal así como nos datos que recollen respecto do incremento salarial e a xornada.

A análise máis pormenorizada das cláusulas doutro tipo que recollen os convenios asinados neste ano poderá consultarse no informe da “Situación da Negociación Colectiva en Galicia 2021” que tamén elabora este Consello.

O criterio de inclusión que se utiliza é o da vixencia económica, polo que os convenios que se teñen en conta son os asinados e revisados en 2021 que teñen vixencia e efectos económicos durante ese ano así como os convenios asinados ou revisados nos últimos días do ano anterior que teñen vixencia e inicio de efectos en 2021. Non se consideraron aqueles convenios que, aínda que foron asinados ou revisados durante o ano 2021, non teñen efectos económicos para ese ano.

Tense en conta a negociación colectiva estatutaria, de eficacia xeral, e os acordos reguladores para persoal funcionario e pactos de tipo mixto que regulan de xeito unitario a todo tipo de persoal que presta servizos nas distintas administracións públicas, na medida en que se ten coñecemento deles.

Os datos estatísticos que figuran neste informe foron elaborados tendo en conta o contido dos convenios colectivos e o establecido nas follas estatísticas que de xeito preceptivo os acompañan.

Desde a posta en marcha do programa *Regcon* para o rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo por medios telemáticos, a información extráese directamente do programa desde este Consello.

Para o cálculo da media ponderada do incremento salarial pactado tivéronse en conta os incrementos salariais indicados nos convenios de xeito porcentual e as cláusulas de revisión salarial recollidas neles de igual xeito, sen ter en conta os incrementos lineais ou os convenios nos que se indican varios incrementos.

Para determinar a xornada media pactada tivéronse en conta unicamente os convenios que a regulan de xeito anual, que foron 77 en 2021 (o 66,4% do total de convenios asinados e revisados nese ano).

Inclúese así mesmo unha análise das inaplicacións rexistradas en 2021 e da situación da ultraactividade a 31 de decembro de 2021 dos convenios colectivos de sector en Galicia que se acompañan como anexos a este capítulo.

A segunda parte do capítulo refírese aos convenios de ámbito superior ao da Comunidade Autónoma que afectan a persoas traballadoras en Galicia.

A información recóllese dos convenios publicados no BOE que teñen vixencia para o ano 2021 ou posterior, combinando esta información coa extraída do programa *Regcon* co fin de recoller só os que afectan a persoas traballadoras nalgunha das catro provincias galegas.

Nos convenios de sector o dato do número de persoas traballadoras ás que afectan foi elaborado polo IGE baseándose no traballo realizado neste Consello no que se recollen os CNAE's incluídos no ámbito de aplicación dos ditos convenios.

A fonte dos datos remitidos polo IGE son as Contas de cotización á Seguridade Social (Tesourería Xeral da Seguridade Social).

Nos convenios de empresa estes datos recóllense dos extraídos do programa *REGCON* e/ou contactando directamente cos departamentos de recursos humanos das empresas.

8.2. Estrutura da negociación colectiva

A 31 de decembro de 2021 existen en Galicia 1.039 convenios colectivos, xa sexan vixentes ou prorrogados tacitamente, que afectan a 494.304 persoas traballadoras.



No Cadro 8.1 pode apreciarse a evolución no período 2016 – 2021.

Cadro 8.1

**Evolución da estrutura global da negociación colectiva. Por provincias.
Galicia. 2016 - 2021**

	C. Autónoma / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Sector	17	30	23	20	32	122
Empresa	50	294	87	72	320	823
Total 2016	67	324	110	92	352	945
Sector	19	30	23	20	32	124
Empresa	49	300	93	76	335	853
Total 2017	68	330	116	96	367	977
Sector	20	30	23	20	32	125
Empresa	50	307	98	82	344	881
Total 2018	70	337	121	102	376	1.006
Sector	21	30	23	20	32	126
Empresa	51	321	101	86	348	907
Total 2019	72	351	124	106	380	1.033
Sector	21	30	23	20	32	126
Empresa	52	323	102	86	349	912
Total 2020	73	353	125	106	381	1.038
Sector	21	30	23	20	32	126
Empresa	51	330	103	80	349	913
Total 2021	72	360	126	100	381	1.039

Neste cómputo total contabilízanse convenios colectivos e acordos reguladores
Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia



Refírense estes datos a convenios colectivos de empresa e de sector negociados en Galicia, incluíndo neste total tamén os acordos reguladores dos que se ten coñecemento.

Durante o ano 2021 asináronse e/ou revisáronse 116 convenios colectivos (102 convenios asinados e 14 revisados), dos que 23 son de sector (19 convenios asinados e 4 revisados) e 93 son de empresa (83 convenios asinados e 10 revisados).

O Cadro 8.2 reflicte estes datos por provincias.

Cadro 8.2

Convenios asinados e revisados. Galicia. Ano 2021.

	CONVENIOS ASINADOS			CONVENIOS REVISADOS			TOTAL ASINADOS E REVISADOS		
	Empresa	Sector	Total	Empresa	Sector	Total	Empresa	Sector	Total
C. Autónoma / Interprov. C.A.									
Núm. Convenios	3	2	5	0	2	2	3	4	7
Núm. Traballad.	1.026	3.500	4.526	0	1.886	1.886	1.026	5.386	6.412
Homes	771	2.780	3.551		1.102	1.102	771	3.882	4.653
Mulleres	255	720	975		784	784	255	1.504	1.759
A Coruña									
Núm. Convenios	18	3	21	2	0	2	20	3	23
Núm. Traballad.	1.428	32.343	33.771	260	0	260	1.688	32.343	34.031
Homes	843	12.898	13.741	114		114	957	12.898	13.855
Mulleres	585	19.445	20.030	146		146	731	19.445	20.176
Lugo									
Núm. Convenios	12	1	13	1	2	3	13	3	16
Núm. Traballad.	655	2.960	3.615	122	2.700	2.822	777	5.660	6.437
Homes	444	444	888	78	2.050	2.128	522	2.494	3.016
Mulleres	211	2.516	2.727	44	650	694	255	3.166	3.421
Ourense									
Núm. Convenios	5	5	10	2	0	2	7	5	12
Núm. Traballad.	574	20.300	20.874	87	0	87	661	20.300	20.961
Homes	448	11.900	12.348	14		14	462	11.900	12.362
Mulleres	126	8.400	8.526	73		73	199	8.400	8.599
Pontevedra									
Núm. Convenios	45	8	53	5	0	5	50	8	58
Núm. Traballad.	4.091	61.353	65.444	727	0	727	4.818	61.353	66.171
Homes	2.409	44.443	46.852	571		571	2.980	44.443	47.423
Mulleres	1.682	16.910	18.592	156		156	1.838	16.910	18.748
Galicia									
Núm. Convenios	83	19	102	10	4	14	93	23	116
Núm. Traballad.	7.774	120.456	128.230	1.196	4.586	5.782	8.970	125.042	134.012
Homes	4.915	72.465	77.380	777	3.152	3.929	5.692	75.617	81.309
Mulleres	2.859	47.991	50.850	419	1.434	1.853	3.278	49.425	52.703

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.


Nos Cadros 8.3a e 8.3b pode apreciarse a evolución no número de convenios asinados e revisados no período 2016 – 2021.

Cadro 8.3a

Evolución dos convenios colectivos asinados. Por provincias.
Galicia. 2016 - 2021

	C. Autónoma / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Sector	2	0	5	0	8	15
Empresa	6	33	11	6	44	100
Total 2016	8	33	16	6	52	115
Sector	4	9	1	5	3	22
Empresa	2	28	14	8	65	117
Total 2017	6	37	15	13	68	139
Sector	2	7	5	4	9	27
Empresa	3	28	17	14	59	121
Total 2018	5	35	22	18	68	148
Sector	4	1	7	6	4	22
Empresa	3	34	10	9	38	94
Total 2019	7	35	17	15	42	116
Sector	4	2	2	0	1	9
Empresa	5	18	5	1	16	45
Total 2020	9	20	7	1	17	54
Sector	2	3	1	5	8	19
Empresa	3	18	12	5	45	83
Total 2021	5	21	13	10	53	102

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia




Cadro 8.3b

Evolución dos convenios colectivos revisados.
Por provincias. Galicia. 2016 - 2021

	C. Autónoma / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Sector	1	3	0	1	0	5
Empresa	0	2	3	0	6	11
Total 2016	1	5	3	1	6	16
Sector	4	0	0	1	3	8
Empresa	1	5	2	2	10	20
Total 2017	5	5	2	3	13	28
Sector	2	5	0	1	1	9
Empresa	2	5	5	1	7	20
Total 2018	4	10	5	2	8	29
Sector	3	6	1	0	6	16
Empresa	2	7	4	2	16	31
Total 2019	5	13	5	2	22	47
Sector	3	2	1	2	3	11
Empresa	0	3	5	1	8	17
Total 2020	3	5	6	3	11	28
Sector	2	0	2	0	0	4
Empresa	0	2	1	2	5	10
Total 2021	2	2	3	2	5	14

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia



Segundo se pode apreciar con maior detalle nos cadros que seguen a continuación (Cadros 8.4 e 8.4bis), asináronse por primeira vez 15 convenios en 2021. Son todos de empresa.

Afectan estes convenios a 1.053 persoas traballadoras das que 520 son homes e 533 mulleres.

Cadro 8.4


Convenios colectivos de sector e empresa asinados por vez primeira.
Por provincias e sectores económicos. Galicia. 2021

Sector	C. Autónoma / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Agric. e Pesca						0
Industria						0
Construción						0
Servizos						0
Total	0	0	0	0	0	0

Empresa	C. Autónoma / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Agric. e Pesca	1	-	-	-	-	1
Industria	-	2	2	-	1	5
Construción	-	-	-	-	-	0
Servizos	-	4	1	1	3	9
Total	1	6	3	1	4	15

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

Convenios colectivos negociados por primeira vez. Porcentaxe provincial. Ano 2021.



Cadro 8.4bis

Convenios colectivos asinados por primeira vez. Galicia. 2021.



		EMPRESA	SECTOR	TOTAL
C. Autónoma / Interprov. C.A.				
	Núm. Convenios	1	0	1
	Núm. Traballad.	245	0	245
	<i>Homes</i>	177		177
	<i>Mulleres</i>	68		68
A Coruña				
	Núm. Convenios	6	0	6
	Núm. Traballad.	490	0	490
	<i>Homes</i>	156		156
	<i>Mulleres</i>	334		334
Lugo				
	Núm. Convenios	3	0	3
	Núm. Traballad.	96	0	96
	<i>Homes</i>	86		86
	<i>Mulleres</i>	10		10
Ourense				
	Núm. Convenios	1	-	1
	Núm. Traballad.	42	-	42
	<i>Homes</i>	6		6
	<i>Mulleres</i>	36		36
Pontevedra				
	Núm. Convenios	4	0	4
	Núm. Traballad.	180	0	180
	<i>Homes</i>	95		95
	<i>Mulleres</i>	85		85
Galicia				
	Núm. Convenios	15	0	15
	Núm. Traballad.	1.053	0	1.053
	<i>Homes</i>	520	0	520
	<i>Mulleres</i>	533	0	533

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

Se ademais dos convenios asinados neste ano se teñen en conta os convenios asinados en anos anteriores con vixencia para 2021 ou posterior, o número de convenios con vixencia expresa para 2021 é de 229.

Afectan estes convenios a 264.191 persoas traballadoras e deles 45 son de sector (o 35,71% do total dos convenios de sector existentes) e afectan a 241.286 persoas traballadoras e 184 son de empresa (o 20,15% do total dos de empresa existentes) e afectan a 22.905 persoas traballadoras.

Nos gráficos que seguen a continuación pode apreciarse o número de convenios existentes e o dos que teñen vixencia expresa por provincias.



Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia


O Cadro 8.5 recolle a evolución dos convenios con vixencia expresa no período 2011 – 2021.

Cadro 8.5

Evolución convenios con vixencia expresa. Galicia. 2011 - 2021

	Empresa	Sector	Total	Núm. Traballad.
2011	244	60	304	261.557
2012	222	40	262	131.172
2013	267	56	323	298.486
2014	276	44	320	264.723
2015	276	37	313	211.164
2016	244	33	277	135.558
2017	254	35	289	206.643
2018	284	52	336	347.567
2019	285	54	339	325.689
2020	228	37	265	166.677
2021	184	45	229	264.191

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia



Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

8.3. Ámbitos de aplicación

8.3.1. Funcional

Dos 116 convenios asinados ou revisados este ano, o 19,83% son de sector (23 convenios) e o 80,17% de empresa (93 convenios).

Tal e como veremos na análise do ámbito persoal, a maioría das persoas traballadoras e das empresas están afectadas por convenios de sector.

Segundo se pode apreciar no Cadro 8.6, concéntranse estes convenios no sector servizos e na industria.

Cadro 8.6

Convenios colectivos asinados e revisados. Por sector e grupos de empresas, empresas e ámbitos inferiores. Por provincias e sectores económicos. Galicia. 2021.

	Agric. e Pesca	Industria	Construción	Servizos	Total
C. Autónoma / Interprov. C.A.					
Convenios de sector asinados	-	1	-	1	2
Convenios de sector revisados	-	-	-	2	2
Convenios de empresa asinados	1	1	-	1	3
Convenios de empresa revisados	-	-	-	-	0
A Coruña					
Convenios de sector asinados	-	1	-	2	3
Convenios de sector revisados	-	-	-	-	0
Convenios de empresa asinados	-	6	-	12	18
Convenios de empresa revisados	-	2	-	-	2
Lugo					
Convenios de sector asinados	-	-	-	1	1
Convenios de sector revisados	-	1	-	1	2
Convenios de empresa asinados	-	7	-	5	12
Convenios de empresa revisados	-	-	-	1	1
Ourense					
Convenios de sector asinados	-	1	-	4	5
Convenios de sector revisados	-	-	-	-	0
Convenios de empresa asinados	-	3	-	2	5
Convenios de empresa revisados	-	-	-	2	2
Pontevedra					
Convenios de sector asinados	-	4	-	4	8
Convenios de sector revisados	-	-	-	-	0
Convenios de empresa asinados	-	28	-	17	45
Convenios de empresa revisados	-	3	-	2	5
Galicia					
Convenios de sector asinados	0	7	0	12	19
Convenios de sector revisados	0	1	0	3	4
Convenios de empresa asinados	1	45	0	37	83
Convenios de empresa revisados	0	5	0	5	10

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

A distribución destes convenios por provincias e por seccións da CNAE 2009 pode apreciarse no Cadro 8.6bis.

Cadro 8.6bis

Convenios colectivos asinados e revisados. Por provincias e seccións da CNAE 2009. Galicia. 2021.

TOTAL CONVENIOS ASINADOS E REVISADOS EN 2021	C. Autónoma/ Interprov.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
SECCIÓN CNAE 2009						
A Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	1	-	-	-	-	1
B Industrias extractivas	1	-	1	-	-	2
C Industria manufacturera	-	4	4	4	30	42
D Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-	-	-	-	-	0
E Fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	1	5	3	-	5	14
F Construción	-	-	-	-	-	0
G Comercio por xunto e ao retalho; reparación de vehículos de motor e motocicletas	-	1	3	3	8	15
H Transporte e almacenamento	2	-	1	-	5	8
I Hostalería	-	1	-	-	1	2
J Información e comunicacións	-	2	-	-	2	4
K Actividades financeiras e de seguros	-	-	-	-	-	0
L Actividades inmobiliarias	-	-	-	-	-	0
M Actividades profesionais, científicas e técnicas	-	3	-	-	-	3
N Actividades administrativas e servizos auxiliares	-	2	2	1	1	6
O Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	-	2	1	1	-	4
P Educación	-	-	-	-	-	0
Q Actividades sanitarias e de servizos sociais	1	2	1	1	2	7
R Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	1	-	-	-	1	2
S Outros servizos	-	1	-	2	3	6
T Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio	-	-	-	-	-	0
U Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais	-	-	-	-	-	0

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

8.3.2. Territorial

Respecto do ámbito territorial de negociación, cabe sinalar que o 6,03% dos convenios asinados e/ou revisados en 2021 foron de ámbito superior á provincia.

Por provincias foi Pontevedra a que tivo máis actividade negociadora, o 50% do total, seguida da Coruña cun 19,83%.

8.3.3. Persoal

Os convenios asinados e revisados en Galicia no ano 2021 afectaron a 134.012 persoas traballadoras, das que 81.309 son homes e 52.703 mulleres (Cadros 8.7 e 8.8).

O 80,17% teñen reguladas as súas condicións de traballo por convenios de sector.


Cadro 8.7

Persoas traballadoras e empresas afectadas por convenios colectivos asinados e revisados. Sector. Por provincias e sectores económicos. Galicia. 2021.

		Agric. e Pesca	Industria	Construción	Servizos	Total
C. Autónoma / Interprov. C.A.	Núm. Empresas	-	50	-	350	400
	Núm. Traballad.	-	2.400	-	2.986	5.386
	Homes		1.800		2.082	3.882
	Mulleres		600		904	1.504
A Coruña	Núm. Empresas	-	830	-	1.571	2.401
	Núm. Traballad.	-	6.875	-	25.468	32.343
	Homes		6.531		6.367	12.898
	Mulleres		344		19.101	19.445
Lugo	Núm. Empresas	-	205	-	651	856
	Núm. Traballad.	-	1.200	-	4.460	5.660
	Homes		900		1.594	2.494
	Mulleres		300		2.866	3.166
Ourense	Núm. Empresas	-	450	-	1.085	1.535
	Núm. Traballad.	-	10.000	-	10.300	20.300
	Homes		9.000		2.900	11.900
	Mulleres		1.000		7.400	8.400
Pontevedra	Núm. Empresas	-	3.715	-	2.335	6.050
	Núm. Traballad.	-	36.097	-	25.256	61.353
	Homes		32.142		12.301	44.443
	Mulleres		3.955		12.955	16.910
Galicia	Núm. Empresas	0	5.250	0	5.992	11.242
	Núm. Traballad.	0	56.572	0	68.470	125.042
	Homes		50.373		25.244	75.617
	Mulleres		6.199		43.226	49.425

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

**Convenios de sector
Traballadores/as afectados/as
por sectores económicos**



**Convenios de sector
Empresas afectadas
por sectores económicos**





O sector servizos é, nos convenios de sector, o que agrupa o maior número de persoas traballadoras no ano 2021 (54,76%).

Cadro 8.8

Persoas traballadoras e empresas afectadas por convenios colectivos asinados e revisados.
Grupos de empresas, empresas e ámbitos inferiores. Por provincias e sectores económicos. Galicia. 2021.

	Agric. e Pesca	Industria	Construción	Servizos	Total
C. Autónoma / Interprov. C.A.					
Núm. Empresas	1	1	-	1	3
Núm. Traballad.	245	535	-	246	1.026
Homes	177	442		152	771
Mulleres	68	93		94	255
A Coruña					
Núm. Empresas	-	9	-	18	27
Núm. Traballad.	-	792	-	896	1.688
Homes		522		435	957
Mulleres		270		461	731
Lugo					
Núm. Empresas	-	7	-	6	13
Núm. Traballad.	-	391	-	386	777
Homes		305		217	522
Mulleres		86		169	255
Ourense					
Núm. Empresas	-	3	-	4	7
Núm. Traballad.	-	516	-	145	661
Homes		436		26	462
Mulleres		80		119	199
Pontevedra					
Núm. Empresas	-	31	-	25	56
Núm. Traballad.	-	3.661	-	1.157	4.818
Homes		2.385		595	2.980
Mulleres		1.276		562	1.838
Galicia					
Núm. Empresas	1	51	0	54	106
Núm. Traballad.	245	5.895	0	2.830	8.970
Homes	177	4.090		1.425	5.692
Mulleres	68	1.805		1.405	3.278

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.



Por provincias o maior número de persoas traballadoras afectadas pola negociación deste ano corresponde a Pontevedra seguida da Coruña.

No que a empresas se refire, a negociación colectiva de 2021 afectou a 11.348 empresas.

Os Cadros 8.9 e 8.10 agrupan os convenios de sector asinados e revisados en 2021 en función do número de persoas traballadoras e de empresas ás que afecta cada convenio.

Neles pode observarse que o maior número de convenios de sector asinados ou revisados nese ano concéntrase no tramo que afecta entre 1.001 e 3.000 persoas traballadoras (11 convenios, un 48%) seguido do tramo entre 5.001 e 10.000 persoas traballadoras (4 convenios, un 17%).

Tendo en conta o número de empresas afectadas nos convenios colectivos de sector asinados e revisados en 2021, obsérvase que o maior número deles está comprendido no tramo de 101 a 500 empresas (9 convenios, un 39%), seguido do tramo de 501 a 1.000 empresas (5 convenios, un 22%) e do de 51 a 100 empresas (4 convenios, un 17%).

Cadro 8.9

Convenios colectivos asinados e revisados en función do número de persoas traballadoras afectadas. Sector. Porcentaxe sobre o total negociado. Por provincias. Galicia. 2021.

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
0-50 trab.	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	0	0,00
51-100 trab.	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	0	0,00
101-500 trab.	1	25,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	1	12,50	2	8,70
501-1.000 trab.	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	1	12,50	1	4,35
1.001-3.000 trab.	3	75,00	-	0,00	3	100,00	2	40,00	3	37,50	11	47,83
3.001-5.000 trab.	-	0,00	-	0,00	-	0,00	2	40,00	-	0,00	2	8,70
5.001-10.000 trab.	-	0,00	2	66,67	-	0,00	1	20,00	1	12,50	4	17,39
10.001-20.000 trab.	-	0,00	1	33,33	-	0,00	-	0,00	1	12,50	2	8,70
+20.000 trab.	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	1	12,50	1	4,35
Total convenios	4	100	3	100	3	100	5	100	8	100	23	100

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

Cadro 8.10

Convenios colectivos asinados e revisados en función do número de empresas afectadas. Sector. Porcentaxe sobre o total negociado. Por provincias. Galicia. 2021.

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
0-50 empresas	1	25,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	2	25,00	3	13,04
51-100 empresas	1	25,00	-	0,00	1	33,33	-	0,00	2	25,00	4	17,39
101-500 empresas	2	50,00	-	0,00	1	33,33	5	100,00	1	12,50	9	39,13
501-1.000 empresas	-	0,00	3	100,00	1	33,33	-	0,00	1	12,50	5	21,74
1.001-2.000 empresas	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	1	12,50	1	4,35
+ de 2.000 empresas	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	1	12,50	1	4,35
Total convenios	4	100	3	100	3	100	5	100	8	100	23	100

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

O Cadro 8.11 agrupa os convenios de empresa asinados e revisados en 2021 en función do número de persoas traballadoras ás que afecta cada convenio.

Nel pode apreciarse que o 39,78% dos convenios de empresa asinados e revisados en 2021 son convenios de empresas que teñen de 6 a 30 persoas traballadoras.

Os tramos seguintes son os dos convenios que afectan a empresas de 101 a 250 persoas traballadoras (un 23,66%), seguido do de 50 a 100 persoas traballadoras (un 15,05%) e do de 31 a 49 persoas traballadoras (un 12,90%).

Cadro 8.11

Convenios colectivos asinados e revisados en función do número de persoas traballadoras afectadas. Empresa. Porcentaxe sobre o total negociado. Por provincias. Galicia. 2021.

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
0-5 trab.	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	0	0,00
6-30 trab.	-	0,00	12	60,00	5	38,46	3	42,86	17	34,00	37	39,78
31-49 trab.	-	0,00	1	5,00	2	15,38	2	28,57	7	14,00	12	12,90
50-100 trab.	-	0,00	-	0,00	3	23,08	1	14,29	10	20,00	14	15,05
101-250 trab.	2	66,67	4	20,00	3	23,08	-	0,00	13	26,00	22	23,66
251-500 trab.	-	0,00	3	15,00	-	0,00	1	14,29	2	4,00	6	6,45
501-750 trab.	1	33,33	-	0,00	-	0,00	-	0,00	1	2,00	2	2,15
751-1.000 trab.	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	0	0,00
1.001-2.000 trab.	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	0	0,00
2.001-3.000 trab.	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	0	0,00
+ 3.000 trab.	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	0	0,00
Total convenios	3	100	20	100	13	100	7	100	50	100	93	100

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

Segundo se pode apreciar no Cadro 8.12, o cadro de persoal medio das empresas afectadas pola negociación feita en 2021 é de 12 persoas traballadoras por empresa, 11 por empresa nos convenios colectivos de sector e 85 nos de empresa.

Cadro 8.12

Cadros de persoal medio das empresas afectadas pola negociación colectiva. Por provincias. Galicia. 2021.

	C. Autónoma / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Sector	13,5	13,5	6,6	13,2	10,1	11,1
Empresa	342,0	62,5	59,8	94,4	86,0	84,6
Total	15,9	14,0	7,4	13,6	10,8	11,8

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

8.3.4. Temporal

Os Cadros 8.13 e 8.14 reflicten as vixencias medias dos convenios colectivos de empresa e de sector asinados en 2021.


A vixencia que máis se repite nos 83 convenios de empresa asinados este ano é a de 4 anos (o 26,51%) seguida da de 2 anos (o 24,10%) e 3 anos (o 21,69%). O 13,25% indican unha vixencia de 5 anos e un 4,82% indica unha vixencia de máis de 5 anos.

Cadro 8.13

Vixencias medias dos convenios colectivos de empresa.
Porcentaxe sobre o total de convenios de empresa asinados.
Por provincias. Galicia. 2021

	C. Autónoma/ Interprov. C. A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Menos de 1 ano	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	0	0,00
1 ano	-	0,00	2	11,11	-	0,00	-	0,00	1	2,22	3	3,61
De 1 a 2 anos	-	0,00	-	0,00	-	0,00	1	20,00	-	0,00	1	1,20
2 anos	-	0,00	4	22,22	3	25,00	-	0,00	13	28,89	20	24,10
De 2 a 3 anos	-	0,00	-	0,00	1	8,33	-	0,00	1	2,22	2	2,41
3 anos	1	33,33	2	11,11	2	16,67	3	60,00	10	22,22	18	21,69
De 3 a 4 anos	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	0	0,00
4 anos	1	33,33	5	27,78	3	25,00	-	0,00	13	28,89	22	26,51
De 4 a 5 anos	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	2	4,44	2	2,41
5 anos	-	0,00	4	22,22	3	25,00	1	20,00	3	6,67	11	13,25
Máis de 5 anos	1	33,33	1	5,56	-	0,00	-	0,00	2	4,44	4	4,82
Total	3		18		12		5		45		83	

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.



Dos 4 convenios con vixencia de máis de 5 anos un inicia efectos en 2016 e remata en 2021, outro inicia efectos en 2019 e remata en 2025 e os outros dous inician efectos en 2020 e rematan un en 2025 e o outro en 2026.

Dos 11 convenios con vixencia de 5 anos catro inician efectos en 2019, tres en 2020 e catro en 2021.

Dos 22 convenios con vixencia de 4 anos un inicia efectos en 2018, catro inician efectos en 2019, doce inician efectos en 2020 e cinco inician efectos en 2021.

Dos convenios con vixencia entre 4 e 5 anos un inicia efectos en xullo de 2021 e remata en decembro de 2025 e o outro inicia efectos en xullo de 2020 e remata en decembro de 2024.


Dos 19 convenios de sector asinados en 2021 o 42,11% indican unha vixencia de 3 anos, o 36,84% indican 2 anos e o 15,79% indican 4 anos. O 5,26% restante indica 1 ano.

Cadro 8.14

Vixencias medias dos convenios colectivos de sector.
Porcentaxe sobre o total de convenios de sector asinados.
Por provincias. Galicia. 2021

	C. Autónoma/ Interprov. C. A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Menos de 1 ano	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	0	0,00
1 ano	-	0,00	-	0,00	-	0,00	1	20,00	-	0,00	1	5,26
De 1 a 2 anos	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	0	0,00
2 anos	-	0,00	1	33,33	-	0,00	2	40,00	4	50,00	7	36,84
De 2 a 3 anos	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	0	0,00
3 anos	1	50,00	1	33,33	1	100,00	1	20,00	4	50,00	8	42,11
De 3 a 4 anos	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	0	0,00
4 anos	1	50,00	1	33,33	-	0,00	1	20,00	-	0,00	3	15,79
De 4 a 5 anos	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	0	0,00
5 anos	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	0	0,00
Máis de 5 anos	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	0	0,00
Total	2		3		1		5		8		19	

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.



Os convenios con vixencia de 4 anos son o do sector de Limpeza de edificios e locais da Coruña que inicia efectos en 2020 e remata en 2023, o do sector de Comercio de alimentación de Ourense que inicia efectos en 2021 e remata en 2024 e o do sector de Lousas de Ourense e Lugo que inicia efectos en 2020 e remata en 2023.

Sinalar por último que entre os convenios asinados en 2021 que indican unha vixencia superior a un ano (98 convenios, o 96,08% do total de asinados), 22 rematan a súa vixencia neste ano 2021. Deles 8 son de sector e 14 de empresa.

8.3.5. Ultraactividade

No ano 2021 son 84 os convenios que teñen cláusulas respecto da ultraactividade (o 82,35% dos asinados neste ano). Estes convenios afectan a 122.519 persoas traballadoras (95,55%) das que 73.370 son homes e 49.149 mulleres.

Nos convenios de sector a porcentaxe de convenios con pacto de ultraactividade é do 89,47% e nos de empresa do 80,72%.

O Cadro 8.15 reflicte estes datos por provincias.

As cláusulas que recollen indican maioritariamente que o convenio seguirá vixente ata a sinatura do seguinte.

Cadro 8.15

Convenios colectivos asinados con pacto de ultraactividade. Galicia. 2021

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%
C. Autónoma / Interprov. C.A.							
	Núm. Convenios	2	66,67%	1	50,00%	3	60,00%
	Núm. Traballad.	780	76,02%	1.100	31,43%	1.880	41,54%
	Homes	619	60,33%	980	28,00%	1.599	35,33%
	Mulleres	161	15,69%	120	3,43%	281	6,21%
A Coruña							
	Núm. Convenios	14	77,78%	3	100,00%	17	80,95%
	Núm. Traballad.	1.090	76,33%	32.343	100,00%	33.433	99,00%
	Homes	561	39,29%	12.898	39,88%	13.459	39,85%
	Mulleres	529	37,04%	19.445	60,12%	19.974	59,15%
Lugo							
	Núm. Convenios	8	66,67%	1	100,00%	9	69,23%
	Núm. Traballad.	487	74,35%	2.960	100,00%	3.447	95,35%
	Homes	310	47,33%	444	15,00%	754	20,86%
	Mulleres	177	27,02%	2.516	85,00%	2.693	74,50%
Ourense							
	Núm. Convenios	4	80,00%	5	100,00%	9	90,00%
	Núm. Traballad.	114	19,86%	20.300	100,00%	20.414	97,80%
	Homes	58	10,10%	11.900	58,62%	11.958	57,29%
	Mulleres	56	9,76%	8.400	41,38%	8.456	40,51%
Pontevedra							
	Núm. Convenios	39	86,67%	7	87,50%	46	86,79%
	Núm. Traballad.	3.992	97,58%	59.353	96,74%	63.345	96,79%
	Homes	2.357	57,61%	43.243	70,48%	45.600	69,68%
	Mulleres	1.635	39,97%	16.110	26,26%	17.745	27,11%
Galicia							
	Núm. Convenios	67	80,72%	17	89,47%	84	82,35%
	Núm. Traballad.	6.463	83,14%	116.056	96,35%	122.519	95,55%
	Homes	3.905	50,23%	69.465	57,67%	73.370	57,22%
	Mulleres	2.558	32,90%	46.591	38,68%	49.149	38,33%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

Segundo se pode apreciar no Cadro 8.15bis, establecen unha denuncia automática 51 convenios (o 50% dos asinados no ano 2021), dos que 12 son de sector (63,2% dos de sector asinados este ano) e 39 son de empresa (o 47% dos de empresa asinados este ano).

Destes 51 convenios con denuncia automática, o 90,2% (46 convenios) recollen pacto de ultraactividade (o 91,7% dos convenios de sector e o 89,7% dos de empresa).

Cadro 8.15bis

Convenios colectivos asinados con denuncia automática e pacto de ultraactividade. Galicia. 2021

	EMPRESA				SECTOR				TOTAL			
	Denuncia automática		Recollen Pacto ultraactividade		Denuncia automática		Recollen Pacto ultraactividade		Denuncia automática		Recollen Pacto ultraactividade	
	Núm.	% (1)	Núm.	% (2)	Núm.	% (1)	Núm.	% (2)	Núm.	% (1)	Núm.	% (2)
C. Autónoma / Interprov. C.A.												
Núm. Convenios	-	0,0%			1	50,0%		0,0%	1	20,0%	0	0,0%
Núm. Traballad.	-	0,0%			2.400	68,6%		0,0%	2.400	53,0%	0	0,0%
Homes					1.800	51,4%		0,0%	1.800	39,8%	0	0,0%
Mulleres					600	17,1%		0,0%	600	13,3%	0	0,0%
A Coruña												
Núm. Convenios	4	22,2%	4	100,0%	0	0,0%			4	19,0%	4	100,0%
Núm. Traballad.	512	35,9%	512	100,0%	0	0,0%			512	1,5%	512	100,0%
Homes	377	26,4%	377	73,6%					377	1,1%	377	73,6%
Mulleres	135	9,5%	135	26,4%					135	0,4%	135	26,4%
Lugo												
Núm. Convenios	6	50,0%	4	66,7%	1	100,0%	1	100,0%	7	53,8%	5	71,4%
Núm. Traballad.	322	49,2%	293	91,0%	2.960	100,0%	2.960	100,0%	3.282	90,8%	3.253	99,1%
Homes	258	39,4%	233	72,4%	444	15,0%	444	15,0%	702	19,4%	677	20,6%
Mulleres	64	9,8%	60	18,6%	2.516	85,0%	2.516	85,0%	2.580	71,4%	2.576	78,5%
Ourense												
Núm. Convenios	0	0,0%			3	60,0%	3	100,0%	3	30,0%	3	100,0%
Núm. Traballad.	0	0,0%			9.200	45,3%	9.200	100,0%	9.200	44,1%	9.200	100,0%
Homes					2.700	13,3%	2.700	29,3%	2.700	12,9%	2.700	29,3%
Mulleres					6.500	32,0%	6.500	70,7%	6.500	31,1%	6.500	70,7%
Pontevedra												
Núm. Convenios	29	64,4%	27	93,1%	7	87,5%	7	100,0%	36	67,9%	34	94,4%
Núm. Traballad.	2.891	70,7%	2.856	98,8%	59.353	96,7%	59.353	100,0%	62.244	95,1%	62.209	99,9%
Homes	1.705	41,7%	1.695	58,6%	43.243	70,5%	43.243	72,9%	44.948	68,7%	44.938	72,2%
Mulleres	1.186	29,0%	1.161	40,2%	16.110	26,3%	16.110	27,1%	17.296	26,4%	17.271	27,7%
Galicia												
Núm. Convenios	39	47,0%	35	89,7%	12	63,2%	11	91,7%	51	50,0%	46	90,2%
Núm. Traballad.	3.725	47,9%	3.661	98,3%	73.913	61,4%	71.513	96,8%	77.638	60,5%	75.174	96,8%
Homes	2.340	30,1%	2.305	61,9%	48.187	40,0%	46.387	62,8%	50.527	39,4%	48.692	62,7%
Mulleres	1.385	17,8%	1.356	36,4%	25.726	21,4%	25.126	34,0%	27.111	21,1%	26.482	34,1%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

(1) Porcentaxe respecto do total de convenios asinados no ano

(2) Porcentaxe respecto dos convenios con denuncia automática

8.4. Desenvolvemento da negociación

▪ Duración das negociacións:

Na elaboración deste dato empréganse como data inicial a da constitución da comisión negociadora, recollida da que se sinala na folla estatística do convenio ou nas actas se se dispón delas, e como data final a da sinatura do convenio.

Nos convenios de sector asinados este ano, o 31,58% empregou máis de 1 ano na negociación, un 26,32% empregou máis de 3 meses sen superar os 6 meses e un 21,05% empregou máis de 1 mes sen superar os 3 meses.

Nos convenios de empresa, o 28,92% empregou un mes ou menos na negociación e un 27,71% empregou máis de un ano.

O Cadro 8.16 reflicte a duración das negociacións nos convenios de sector e de empresa por provincias en 2021.

Cadro 8.16

Duración das negociacións. Convenios de Sector.
Porcentaxe sobre o total negociado. Por provincias. Galicia. 2021.

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
1 mes ou menos	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	1	12,50	1	5,26
Máis de 1 mes ata 3 meses	1	50,00	-	0,00	-	0,00	2	40,00	1	12,50	4	21,05
Máis de 3 meses ata 6 meses	-	0,00	-	0,00	-	0,00	3	60,00	2	25,00	5	26,32
Máis de 6 meses ata 9 meses	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	0	0,00
Máis de 9 meses ata 1 ano	-	0,00	1	33,33	-	0,00	-	0,00	2	25,00	3	15,79
Máis de 1 ano	1	50,00	2	66,67	1	100,00	-	0,00	2	25,00	6	31,58
Total convenios	2	100	3	100	1	100	5	100	8	100	19	100

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

Duración das negociacións. Convenios de Empresa.
Porcentaxe sobre o total negociado. Por provincias. Galicia. 2021.

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
1 mes ou menos	1	33,33	6	33,33	4	33,33	2	40,00	11	24,44	24	28,92
Máis de 1 mes ata 3 meses	-	0,00	3	16,67	-	0,00	2	40,00	7	15,56	12	14,46
Máis de 3 meses ata 6 meses	-	0,00	-	0,00	1	8,33	-	0,00	7	15,56	8	9,64
Máis de 6 meses ata 9 meses	-	0,00	1	5,56	3	25,00	-	0,00	2	4,44	6	7,23
Máis de 9 meses ata 1 ano	1	33,33	1	5,56	2	16,67	-	0,00	6	13,33	10	12,05
Máis de 1 ano	1	33,33	7	38,89	2	16,67	1	20,00	12	26,67	23	27,71
Total convenios	3	100	18	100	12	100	5	100	45	100	83	100

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

Participación de mulleres na composición das mesas negociadoras.

A información para a elaboración destes cadros recóllese da que figura nas actas e nas follas estatísticas que acompañan aos convenios para o seu rexistro, e que foi extraída directamente do programa Regcon de rexistro telemático de convenios.

No ano 2021 existe participación de mulleres na comisión negociadora en 77 convenios, o 75,5% do total dos asinados este ano. Estes convenios afectan a 106.866 persoas traballadoras (o 83,3%), das que 59.764 son homes e 47.102 mulleres.


Segundo recolle o Cadro 8.17, participaron nas comisión negociadoras 77 mulleres por parte das empresas e/ou organizacións empresariais (un 29% fronte a 192 homes, un 71%) e 167 mulleres por parte das organizacións sindicais (un 29% fronte a 412 homes, un 71%).

Cadro 8.17

CONVENIOS ASINADOS AÑO 2021 COMPOSICIÓN DA COMISIÓN NEGOCIADORA

	EMPRESA / ORGANIZACIÓN EMPRESARIAIS		ORGANIZACIÓN SINDICAIS		TOTAL	
	HOMES	MULLERES	HOMES	MULLERES	HOMES	MULLERES
Empresa	143	45	303	109	446	154
Sector	49	32	109	58	158	90
TOTAL	192	77	412	167	604	244

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia



Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

No Cadro 8.18 pode apreciarse a evolución na composición das comisións negociadoras no período 2012 - 2021.

Cadro 8.18




COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNES NEGOCIADORAS

Galicia. 2012 - 2021

	Empresa/ Organizacións empresariais		Organizacións sindicais		TOTAL	
	HOMES	MULLERES	HOMES	MULLERES	HOMES	MULLERES
Sector						
2012	54	17	79	41	133	58
2013	162	45	218	122	380	167
2014	48	5	77	17	125	22
2015	40	8	42	22	82	30
2016	62	8	93	24	155	32
2017	89	43	162	80	251	123
2018	94	35	179	65	273	100
2019	92	18	164	28	256	46
2020	28	13	65	16	93	29
2021	49	32	109	58	158	90
Empresa						
2012	190	50	399	148	589	198
2013	282	95	647	201	929	296
2014	224	52	467	152	691	204
2015	155	33	286	69	441	102
2016	161	42	318	105	479	147
2017	213	60	427	123	640	183
2018	197	74	418	169	615	243
2019	166	34	343	93	509	127
2020	78	24	162	67	240	91
2021	143	45	303	109	446	154
TOTAL						
2012	244	67	478	189	722	256
2013	444	140	865	323	1309	463
2014	272	57	544	169	816	226
2015	195	41	328	91	523	132
2016	223	50	411	129	634	179
2017	302	103	589	203	891	306
2018	291	109	597	234	888	343
2019	258	52	507	121	765	173
2020	106	37	227	83	333	120
2021	192	77	412	167	604	244

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNES NEGOCIADORAS. Galicia. 2012 - 2021



Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

8.5. Réxime económico

8.6.1. Incremento salarial medio ponderado

A media ponderada do incremento salarial pactado nos convenios asinados e revisados en Galicia no ano 2021 foi do 2,49% (Cadro 8.19).


Respecto da inflación, este incremento é inferior ao IPC galego deste ano que foi do 6,7% e ao estatal que foi do 6,5%.

Cadro 8.19

Evolución da media ponderada do incremento salarial pactado. Por provincias. Galicia. 2018-2021

	Convenios sector				Revisións sector				Convenios empresa				Revisións empresa				Media total			
	2018	2019	2020	2021	2018	2019	2020	2021	2018	2019	2020	2021	2018	2019	2020	2021	2018	2019	2020	2021
A Coruña	2,00	2,25	1,98	3,08	1,91	2,00	1,80	-	1,77	2,01	1,50	3,89	2,03	1,58	3,47	0,90	1,96	2,00	1,94	3,08
Lugo	1,94	2,15	1,30	2,00	-	2,00	2,25	1,39	1,91	2,37	1,53	2,69	1,55	1,61	1,18	0,50	1,92	2,13	1,68	1,75
Ourense	2,00	2,33	-	2,50	1,50	-	0,97	-	1,85	2,20		5,73	4,00	1,20	5,55	1,50	1,96	2,31	1,03	2,85
Pontevedra	2,13	1,87	2,25	2,18	1,25	1,25	0,97	-	1,96	1,76	0,85	2,10	0,25	0,43	2,67	3,22	1,72	1,43	1,54	2,18
C. Autónoma / Interprov. C.A.	2,00	3,00	2,01	1,00	1,10	1,20	1,22	6,50	1,55	1,96	1,77	1,08	1,30	1,22	-	-	1,58	1,95	1,84	3,29
Galicia	2,05	2,06	2,15	2,46	1,59	1,66	1,08	3,20	1,87	1,91	0,98	2,47	0,53	0,60	2,67	2,49	1,84	1,75	1,61	2,49

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia



Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

